



CIG-SAÚDE apoia as reclamacións dos Psicólogos Clínicos frente ao Sergas

Os Psicólogos veñen exercendo dende hai moitos anos un importante labor asistencial nos centros sanitarios do Sergas e do resto dos servizos de saúde, sen recibir sen embargo o xusto recoñecemento a esa función por parte das administracións sanitarias.

A evidente progresión da profesión deu lugar á creación en 1998 da especialidade de Psicoloxía Clínica, e sen embargo inda hoxe o Sergas considera aos seus propios Psicólogos como persoal non sanitario, situación incomprensible e que está provocando a estes profesionais evidentes e graves perxucios tanto profesionais como laborais.

CIG-Saúde, xunto co colectivo afectado, ven esixindo da Consellería e do Sergas unha solución urxente a este problema, mentras os responsables da administración sanitaria parecen continuar mirando para outro lado. Máis inexplicable é esta actitude si temos en conta que case todas as demáis comunidades autónomas fixeron ou están en trámites de facer a mesma reclasificación que o Sergas aquí está negando para un colectivo que se compón actualmente de 82 prazas.

Todo elo fai inevitable a adopción de medidas de denuncia pública e de presión para que o Sergas cambie de actitude e recoñeza dunha vez por todas aos Psicólogos Clínicos como facultativos especialistas con función sanitaria. E por elo apoiamos totalmente a mobilización convocada polo colectivo de Psicólogos en Santiago para o próximo venres dia 27 ante o edificio administrativo da Xunta en San Caetano.

Vigo, a 25 de maio de 2005

Asdo/ Xoán Cons
Secretario Xeral de CIG-Saúde

Gregorio Espino, 47
36205 VIGO

Tfnos: 986 262 679
986 827 968
986 827 969

Fax: 986 262 781

Correo-e:
executiva@cig-saude.org

Web:
www.cig-saude.org